

CEIP LUIS SEOANE

Avda. Morro de Canide, nº 1 - Maianca

Notificación

Notifícaselle, en cumprimento do disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Decreto da Alcaldía núm. 2019005537, ditado en data 19 de decembro de 2019, na parte que lle afecta :

**“Expediente nº: 2019/EGFAB/000161 SUBVENCIONES ANPAS E COLEXIOS 2019
Rfa. BDNS: 470874**

Antecedentes

No marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello para 2019 aprobáronse as Bases reguladoras de concesión e axudas do Concello de Oleiros.

Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de agosto de 2019, aprobáronse as Bases específicas e Convocatoria para a concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción da cultura e o deporte para o ano 2019, que foi publicada no BOP nº 159, de 23 de agosto.

Ao abeiro desta convocatoria e ata o fin do prazo da mesma, 30 de setembro, presentáronse solicitudes de axuda, entre outras, por 7 ANPAS e 8 Centros de ensino público.

Con data 11 de decembro de 2019, tivo lugar a reunión da Comisión avaliadora segundo o disposto no artigo VII das Bases específicas, da que se levantou a correspondente acta que figura no expediente.

A instrutora do expediente formula proposta de Resolución de 18 de decembro de 2019, que é informada favorablemente pola asesoría xurídica o 18 de decembro de 2019.

Unha vez visto que na aplicación orzamentaria 2019/82.3260.4905 existe e atópase retido o crédito suficiente para a imputación deste gasto. (RC 201900022287);

Considerando que de conformidade co exposto na base V, as axudas serán concedidas por acordo da Alcaldía, que deberá adoptarse no prazo de tres meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Conceder ás entidades que se citan, nos conceptos que se especifican, as cantidades que se sinalan, ao abeiro da Convocatoria para a concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción da cultura e o deporte para o ano 2019, que foi publicada no BOP nº 159, de 23 de agosto:



Con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.48905 – RC 201900022287

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	PROPOSTA
[...]	[...]	[...]	[...]
Q1555001E	C.E.I.P. LUÍS SEOANE	Viaxes e saídas culturais - Adquisición material didáctico educación infantil de 6 unidades - Conmemoracións e Festivais - Equipamento da biblioteca - Impulso das novas tecnoloxías, para 401 alumnos-as.	7.114,00
[...]	[...]	[...]	[...]

Segundo.- Publicar o contido do presente acordo do xeito establecido nas bases reguladoras, comunicalo á área económica aos efectos oportunos e notificalo aos interesados, informándolles que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes”.

O que lle notifico aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Oleiros (P. D. A Asesora Xurídica CEDFEX, segundo decreto da alcaldía nº 4499/12 do 24 de outubro). (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

